

## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, EN MATERIA DE CÁLCULO INTENSIVO DO SISTEMA MERLÍN, DE ALERTA TEMPERÁ PARA A PREDICIÓN DE RISCOS DE INUNDACIÓNS NOS RÍOS DA CONCA HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, actuando en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra, don Mauro Fernández Dabouza, Director Xerente da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, e no exercicio das funcións conferidas ao Director Xerente polo Padroado da Fundación CESGA na reunión celebrada o 3 de outubro de 2018, para establecer convenios de cooperación ou colaboración con institucións públicas ou privadas, e recollidas en escritura de poder autorizada polo notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. José Manuel Amigo Vazquez, o día 29 de outubro de 2018, co número 2802 do seu protocolo.

Ambas representantes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente acordo, e a tal efecto,

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos na demarcación hidrográfica Galicia-Costa, e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Así mesmo, Augas de Galicia é competente para o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas



para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.

**Segundo.** A fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), é unha fundación de natureza fundacional, de interese galego, establecida sen ánimo de lucro, que se rexe pola Lei de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese Galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado; pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións; pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; e pola vontade do Fundador manifestada nestes Estatutos e demais lexislación de xeral aplicación.

A Fundación CESGA está participada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía e Industria, e pola "Agencia Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos terá como obxecto contribuír ao avance da Ciencia e a Técnica, mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, así como outros recursos das tecnoloxías da información, en colaboración con outras institucións, para o beneficio da Sociedade.

Segundo o artigo 8 dos estatutos, serán actividades da Fundación CESGA as relativas á colaborar con institucións, empresas e persoas en calquera materia relacionada co obxecto da Fundación, nos termos que establezan os correspondentes acordos ou convenios.

En xeral son fins da Fundación CESGA todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socioeconómico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados, universidades galegas e o sector produtivo.

**Terceiro.** A entidade pública empresarial Augas de Galicia, con base nas funcións que lle corresponden no 2004 comezou a implantar un sistema de alerta temperá para a predición de riscos de inundación na demarcación hidrográfica Galicia Costa, o sistema Artemis. Este sistema, no eido da colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade da Coruña, foi obxecto dunha ampla revisión e mellora co fin de contar cunha tecnoloxía innovadora e integradora nunha soa aplicación, nela incorporanse os estudos e datos cos que conta Augas de Galicia, modelos meteorolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos baseados en resultados dos últimos avances da investigación neste campo, e mediante a aplicación de ferramentas tecnolóxicas innovadoras baseadas en métodos de cálculo en tempo real e na computación paralela o que permite predicir o risco de inundación no ámbito xeral e zonal, cun alto nivel de precisión e fiabilidade, o novo sistema denomínase Merlín.



Non obstante, Augas de Galicia carece dos medios persoais e materiais suficientes para realizar os cálculos intensivos necesarios para a implantación do novo sistema de predición do risco de inundación nos ríos da conca Hidrográfica Galicia-Costa.

Dada a complexidade do sistema a desenvolver e a non dispoñibilidade por parte da Augas de Galicia dos medios técnicos necesarios e imprescindibles para afrontar en solitario a tarefa obxecto deste acordo, faise necesaria a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Fundación CESGA, no que se refire ao soporte para o cálculo intensivo.

**Cuarto.** Os medios técnicos da Fundación CESGA, unido aos seus recursos humanos, con sobrada experiencia en materia de cálculo intensivo, convérteno no organismo coa capacidade e a competencia necesaria para realizar as labores necesarias previstas respecto do cálculo intensivo de datos do Sistema Merlín, de alerta temperá para a predición do risco de inundacións dos ríos da Conca Hidrográfica Galicia –Costa.

**Quinto.** A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa e a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector público autonómico, regula baixo estes preceptos a colaboración no ámbito do sector público autonómico.

En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do seu sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

Pola súa parte, o artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

**Sexto.** O obxecto deste convenio encadra na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia. Desde o punto de vista temático as actuacións incluídas no



instrumento convencional encaixan no Reto 1 da RIS3 Galicia: “novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación”.

Polo exposto, ambas partes acordan subscribir o presente acordo de conformidade coas seguintes cláusulas,

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto do acordo

Este acordo ten por obxecto regular a colaboración entre as partes asinantes en materia de cálculo intensivo e comunicacións para o aloxamento e execución do Sistema Merlín, de alerta temperá para a predición do risco de inundacións dos ríos da Conca Hidrográfica Galicia –Costa, así como o almacenamento dos datos xerados por este.

### Segunda. Contido da colaboración

O contido desta colaboración é o aloxamento e almacenamento de datos e cálculo intensivo de datos hidrográficos e hidráulicos do Sistema Merlín nas instalacións da Fundación CESGA, para a súa execución operacional.

### Terceira. Obriga das partes

#### 1. Obrigas da Fundación CESGA

- o Proporcionar o soporte necesario para implantación, mantemento e actualización do sistema Merlín nas infraestruturas do CESGA, tanto para a súa implantación inicial como para as sucesivas actualizacións, ata un máximo de 260 horas de técnico.
- o Proporcionar o tempo computacional necesario para a execución operacional diaria do sistema Merlín, ata un máximo total de 1,2 millóns de horas de cálculo.
- o Proporcionar unha máquina virtual de un mínimo de 2 cores, 4 GB de memoria para aloxamento do visor do sistema Merlín.
- o Proporcionar o aloxamento dos datos do sistema Merlín ata un máximo de 5 terabytes de almacenamento.
- o Manter as copias de seguridade dos datos xenerados na execución operacional do sistema Merlín.



## 2. Obrigas da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

- o Proporcionar ao CESGA os códigos e as actualizacións das aplicacións do Sistema Merlín.
- o Compensar á Fundación CESGA polos gastos que leve consigo a realización das accións obxecto desta colaboración, nos termos expostos na cláusula cuarta.

### **Cuarta. Compensación de custos**

Augas de Galicia compensará á Fundación CESGA polos gastos nos que incorra pola realización dos traballos descritos na cláusula segunda.

Estes gastos estímase nunha cantidade máxima de 56.296,04 €, con cargo a conta 219 "Outro inmovilizado inmaterial" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, distribuídos nas seguintes anualidades:

2021: 4.440,93 €

2022: 15.596,82 €

2023: 12.836,82 €

2024: 12.865,94 €

2025: 10.555,53 €

A Fundación Cesga presentará nos quince primeiros días dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro certificación dos gastos realizados que inclúa os traballos desenvolvidos no período anterior. Augas de Galicia satisfará as cantidades certificadas, unha vez que a dirección técnica de Augas de Galicia emita o informe de conformidade.

O ingreso realizarase mediante transferencia ao número de conta que a Fundación Cesga comunique.

### **Quinta. Comisión de seguimento**

Constituirase a iniciativa de calquera das partes, unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste acordo. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que estime oportunas para o cumprimento deste acordo.



## **Sexta. Propiedade dos traballos**

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas dúas partes asinantes deste acordo, Augas de Galicia e a Fundación CESGA, as cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

Augas de Galicia e a Fundación CESGA poderán facer uso da información derivada da execución deste acordo para exercer axeitadamente as súas competencias, facéndose en calquera caso mención explícita dos obxectivos e dos organismos implicados na consecución dos resultados.

As partes obríganse a non difundir sen autorización a información confidencial facilitada pola outra parte e os resultados derivados do desenvolvemento deste acordo.

## **Sétima. Duración do acordo**

Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante 4 anos.

A vixencia deste acordo poderá ser prorrogada previo acordo expreso das partes adoptado con anterioridade á súa finalización.

## **Oitava. Modificación do acordo**

Calquera modificación no contido deste instrumento, requirirá acordo entre Augas de Galicia e a Fundación Cesga e tramitarase a través dunha addenda.

## **Novena. Resolución ou rescisión do acordo**

Este acordo poderá extinguirse polas causas legalmente previstas. En especial, serán causas de resolución deste acordo de colaboración, previa denuncia dalgunha das partes:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas neste acordo.

A extinción do convenio por esta causa, tras o procedemento contradictorio regulado no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, levará consigo o pago dunha indemnización á outra parte do acordo polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento, que se determinarán pola Comisión de Seguimento, atendendo ao estado das actuacións no momento do incumprimento.



## **Décima. Relación laboral**

A subscripción deste acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

## **Décimo primeira. Natureza xurídica e xurisdición competente**

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento ao ordenamento xurídico administrativo.

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para coñecer as discrepancias que non pidan ser resolvas no seo da comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, no relativo á súa interpretación, execución, incumprimento, resolución ou nulidade.

## **Décimo segunda. Publicidade**

A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

## **Décimo terceira. Protección de datos e carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes electronicamente este documento.

*A presidenta de Augas de Galicia,*

*Ethel María Vázquez Mourelle*

*O director xerente da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia,*

*Mauro Fernández Dabouza*

